




FERVENZAS DO DEVA-A CAÑIZA

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: A Cañiza-Luneda 13 km (lineal)
a pé: 1.500 m.

Dificultade: media

Duración: 2 horas

Unha ruta para coñecer varias fervezas en afluentes do río Deva, no concello de A Cañiza. O percorrido comeza na Cañiza, pasa pola ermida da Pena de Francia e remata en Luneda. Tamén se pode facer desde Arbo por Mourentán.



Fervezas do rego de Barreiro



1-RÍO DE BARREIRO

Un afluente do Deva que baixa da Paradanta formando varios saltos.

COMO CHEGAR: na estrada da Cañiza a Luneda, antes de chegar á ermida da Pena de Francia vense as fervezas no lugar en que a estrada cruza o río. Desde a explanada da ermida pódense ver os saltos da parte alta do río.

FERVENZAS DE LUNEDA


No rego de Acebal ou de Luneda, un afluente do Deva que baixa da Paradanta. No entorno de Luneda salva un desnivel de máis de 150 m e forma un estreito canón no que abundan os saltos e rápidos.

2-Pozo Negro:

COMO CHEGAR: Pola estrada da Cañiza a Luneda xusto onde se cruza o río, pódense ver as fervezas río arriba e río abaixo da estrada.



Pozo Negro



Pozo Negro

3-Pozo do Inferno:

COMO CHEGAR: desde o centro de Luneda, a carón da capela e do parque, cóllese un cruce á dereita e onde remata o asfalto séguese unha pista á esquerda ata chegar ao río. Seguindo río abaixo pódense ver varios saltos e rápidos.



Pozo do Inferno

4-O Salto

COMO CHEGAR: baixando de Luneda cóllese o primeiro cruce á esquerda e séguese ata Raxoi e déixase p coche nun cruce a carón dunha casa de pedra cunha chimenea grande. Desde alí séguese un carreiro cara ao río, tómake o da dereita e cando se escoita o ruído do río báixase ás fervezas con moita dificultade por onde se poida.



O Salto